

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de outubro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día dezaioito de outubro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1139).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 4 de outubro e extraordinaria e urxente do 7 de outubro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1140).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA OS GASTOS DE TRANSPORTE E ORGANIZACIÓN DA ESTANCIA EN VIGO DOS NENOS SAHARAUIS (PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2013). EXPTE. 10266/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.09.13, o informe de fiscalización do 9.10.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 4.10.13, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a asociación Solidariedade Galega có Pobo Saharai, CIF G-15924558 unha subvención pola contía de 20.000 euros para axuda dos gastos de transporte e organización da estancia en Vigo de 30 nenos saharauis, de conformidade cos seguintes requisitos:

1º.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2º.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

3º.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

4º.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

5º.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

6º.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

7º.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

8º.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

9º.- O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

10º.- No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

3(1141).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O COMPARTIMENTO DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DO SIGAD (SISTEMA GALEGO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA). EXPTE. 67737/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo, do 7.10.13, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar e pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a prórroga do “Convenio de colaboración entre a Consellería de Tráballo e Benestar e o Concello de Vigo, para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD” asinado o 30.05.2011, ata o 31.12.2014, facultando ó Sr. Alcalde – Presidente para a súa sinatura.

2º.- Remitir copia deste acordo e o documento de prórroga asinado, por duplicado exemplar, á Secretaría xeral de Política social (Subdirección xeral da dependencia e valoración da discapacidade) da Consellería de Tráballo e Benestar da Xunta de Galicia, solicitando a devolución dun orixinal debidamente asinado por esa Administración.

3º.- Informar á Secretaría xeral de Política social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de que non se produciron variacións nas condicións de acceso dos profesionais dos servizos sociais comunitarios municipais, polo que resultará innecesario remitir os Anexos I e III do Convenio”.

ACORDO DA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO, PARA O COMPARTIMENTO DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DO SIGAD.

Santiago de Compostela, ___ de _____ de 2013

REUNIDOS

Dunha parte,

D^a **Beatriz Mato Otero**, na súa condición de conselleira de Traballo e Benestar, nomeada polo Decreto 229/2012, do 2 de decembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 227/2012, de 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) e segundo o disposto no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

Doutra parte,

D. **Abel Caballero Álvarez**, representante do Concello de **Vigo**, con Identificación Fiscal _____, en calidade de Alcalde do Concello de **Vigo Praza do Rei, 1. 36202 Vigo (Pontevedra)**, en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Ambas as dúas partes, recoñecéndose mutua capacidade para formalizar o presente Convenio de colaboración

EXPOÑEN

Único.- Que na data do **30 de maio de 2011** a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de **Vigo** asinaron un **convenio de colaboración para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD** . O convenio ten por obxecto a posta a disposición do Concello o sistema de información necesario para un óptimo desenvolvemento das funcións que ten

encomendadas dentro do sistema galego de atención á dependencia (SIGAD), especialmente en canto á posta a disposición de información do estado de tramitación administrativa dos expedientes de solicitudes de valoración e recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, do contido da resolución do Programa Individual de Atención no que se aproba a modalidade do recurso idóneo e da xestión do Programa de asignación de recursos para o servizo de axuda no fogar competencia municipal.

CLÁUSULAS

Única.- En virtude da cláusula novena do citado convenio acórdase prorrogar este convenio ata o 31 de decembro de 2014 e nos seus mesmos termos.

E para que así conste, en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente Convenio no lugar e data indicada no encabezamento.

4(1142).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21.773,95 € A FAVOR DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO POLA XESTIÓN DO MERCADO PROVISIONAL DO PROGRESO DURANTE O MES DE XUÑO DE 2013. EXPTE. 21/106.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Comercio p.e. o enxeñeiro municipal, conformado polo concelleiro delegado da Área de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Mercados, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 21.773,95 €, correspondente aos servizos prestados na xestión do Mercado provisional do Progreso durante o mes de xuño do 2013, en relación coa factura que se cita.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2013, recoñecer a obriga do gasto a favor do acreedor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo importe de 21.773,95 €, correspondente á factura seguinte:

exped fact	DataRex.	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
22/106	01/07/13	007/13	01/07/13	17.995,00 €	3.778,95 €	21.773,95 €
					TOTAL	21.773,95 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 21.773,95 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 “Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso” do orzamento municipal vixente.

5(1143).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

A) FLAMINGO VIGO S.L. EXPTE. 4588/241.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 15.10.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a FLAMINGO VIGO, S.L. as seis fianzas de 600 euros cada unha, constituídas para responder das instalacións de postos en praias durante a temporada de verán 2013, xa que o servizo foi prestado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por ter retirado as instalacións sen altera-las condicións ambientais do patrimonio municipal.

B) VIGILANCIA INTEGRADA S.A. EXPTE. 4597/241.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 15.10.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a VIGILANCIA INTEGRADA, S.A. a fianza de 7.814,49 euros constituída para responder da prestación do servizo de vixilancia do Museo Quiñones de León, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

6(1144).- PAGAMENTO DOS DEREITOS DE AUTOR Á SGAE DERIVADOS DA REALIZACIÓN DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2013”. EXPTE. 5245/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 4.10.13, conformado polo xefe de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura e Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar un gasto por un importe total de 10.765,65 euros (8.897,23 + 1.868,41 de IVE) en concepto dos dereitos de autor derivados da realización das actividades e espectáculos incluídos no programa *Vigo en Festas 2013*, con cargo á partida 33380.226.0906 do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio. Este pagamento realizarase á Sociedade Xeral de Autores (SGAE), CIF G-28.029.643, previa presentación da factura correspondente.

7(1145).- PROPOSTA PARA A CONCESIÓN E DENEGACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2013. EXPTE. 10374/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 7.10.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder as seguintes axudas económicas por un importe total de 25000,00 €:

Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Baremo	Importe axuda
10113/77	APAMP, ASOC.FAM. DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	G36624120	104	2.500,00 €
10173/77	ALDAZABAL ALONSO, YAGO	36133430Q	67	2.500,00 €
10185/77	GERIATROS, SA	A36780245	58	2.500,00 €
10181/77	AIRTRANS EUROPA, SL	B95043600	45	2.400,00 €
10067/77	ALBERTO BUCETA SANTANA	36125103S	43	1.890,00 €
10069/77	SIA, SA	A36629020	40	2.500,00 €
10124/77	TEIXUGO, SOCIEDADE COOP. GALEGA	F36861656	31	525,00 €
10186/77	CELTIAM SHOPS, SL	B27754423	30	472,50 €
10112/77	BUITRAGO VELOZA, LUZ MARINA	39515468L	25	1.050,00 €
10096/77	LAGARES OCA, SL	B36813715	23	2.100,00 €
10114/77	GALINDRA MAR, SLNE	B27720945	23	2.025,00 €
10129/77	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, ÁNGEL	36109300J	23	2.100,00 €
10136/77	PIÑEIRO MARTÍNEZ, M. NIEVES	36086212V	23	1.050,00 €
10178/77	PIO ROMÁN, PATRICIA	36115073J	22	462,50 €
10179/77	FERNÁNDEZ BOGA, PATRICIA ARACELI	53190221F	22	925,00 €

2º.- Denegar, segundo a base 3ª, apartado 3.3 e de acordo co baremo establecido, xa que o montante total das axudas que procedería conceder supera ao orzamento previsto, aos solicitantes que obtiveron menor puntuación seguintes:

Expte.	Solicitante	CIF	Puntuación
10145/77	AQUA INVERSIONES INMOBILIARIAS NOROESTE, SL	B94034634	19
10094/77	CORARODRILAR, SLU	B27777242	18
1009777	VIÑAS SIFONTES, JOSÉ MANUEL	35471441J	18
10100/77	HERMANOS LOURIDO, SL	B36635449	18
10111/77	BABU VIGO, CB	E27759216	18
10148/77	CLÍNICA ESTEVEZ, SL	B36790160	18
10162/77	MP CARS, CB	E27760768	18
10165/77	CATALAN BOUZON, MARIA ADELAIDA	36038586R	18
10066/77	JOSÉ DANIEL VILAR CARMONA	36115531B	17
10175/77	FIGUEIRIDO COSTAS, JOSÉ ANGEL	36120991C	17

Expte.	Solicitante	CIF	Puntuación
10098/77	GESTION HOTELERA ONIX VIGO, SL	B27780188	16
10142/77	RESTAURANTE O RINCON VIGO, SL	B27756816	16
10157/77	DAR MIL PUNTADAS, SL	B27766435	16
10184/77	CENTRO DE DÍA ATLÁNTIDA, SL	B27769884	16
10144/77	SOSA FERNÁNDEZ, JULIO CÉSAR	Y1446625P	16
10171/77	BESERRA DE FREITAS, GLAUCINEIDE	39510678J	15
10068/77	PESCADOS PÉREZ PIÑEIRO, SL	B36655090	13
10101/77	FUNDACIÓN CTAG	G36871424	13
10125/77	CLAIMO, SOCIEDADE COOP. GALEGA	F36618908	13
10126/77	GOMPER, CB	E27769090	13
10127/77	ALVAREZ SIMÓN, ANTONIO	36081697X	13
10128/77	GONZÁLEZ RIVEIRO, JOSEFA	36049952M	13
10132/77	DIAZ AGERO BORT, MARÍA LUISA	36066422F	13
10159/77	UTE MANTENIMIENTO PUERTO BERBÉS	U27776632	13
10160/77	PROGRAMACIÓN DE ROBOTS INDUSTRIALES, SL	B27763234	13
10133/77	GARAJE PEDALES, SL	B27772052	12
1007377	DOMUS BIBIT, SL	B27780691	11
10078/77	PANADERIA MANTELAS, CB	E36808723	11
10093/77	Mª AMPARO DIZ DEBRITO	36048676V	11
10149/77	GUTIERREZ PERERA, ANTONIO	36132169C	11
10161/77	TARGEDIS, SL	B27778620	11
10131/77	FIT SPORT, S.COOP.	F36834000	6

3º.- Denegar, por non cumprir cos requisitos, por non achegar a documentación requirida ou por renuncia, as solicitudes seguintes:

Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Motivo denegación*
10070/77	COMUNIDAD VECINOS MONTES EN MAN COMÚN CABRAL	V36709590	6
10071/77	SATION REPARACIONES, C.B.	E27779891	3
10083/77	ALEJANDRO FERNÁNDEZ LARRAÑAGA	36004473C	7
10087/77	DANIEL VALDÉS VILCHES	25102711M	7
10090/77	MODESTO GONZÁLEZ ALVAREZ	36096876D	4
1009277	CAFETERÍA VENTOS, CB	E36895217	2
10095/77	EL MIRADOR DE VIGO, SL	B27724475	4
10099/77	MOURE LORENZO, JOSÉ MARÍA	36150546C	7
10110/77	AIRMARETERRE, SL	B27777051	5, 6
10118/77	DIZ DOMÍNGUEZ, ANA BELÉN	36159894F	5
10120/77	SÁNCHEZ MARTÍNEZ, MARÍA	36127683L	4
10121/77	DESARROLLO GRÁFICO PUBLICITARIO, SL	B36642148	4
10122/77	DRAKAR SOLUCIONES DE CONTROL, SL	B27762202	4
10123/77	COMPLEJO HOSTELERO EL PARQUE, SL	B36731958	2
10130/77	TATO SOUTO, MARÍA DEL CARMEN	76826125F	7

Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Motivo denegación*
10134/77	TAGTUM SOLUTIONS, SL	B27779370	2
10135/77	SANZ SASTRE, DAVID	36128997E	4
10137/77	GARCÍA RODRÍGUEZ, M. DOLORES	36060353X	5
10138/77	INHOGASA, SA	A36683381	2
10139/77	CRESPO VEIGA, CONSUELO	35973992Z	2
10140/77	LANUS, SC	J27770155	2
10141/77	ADMINISTRACIÓN DE FINCAS SIO, SL	B36950327	7
10143/77	VÁZQUEZ VIGO, M. CARMEN	36084207J	5
10146/77	ATLASTERAPIA, SL	B27705201	7
10147/77	RODRIGUEZ VAZQUEZ, ANGEL	33852078B	3, 6
10150/77	PÉREZ VÁZQUEZ, JOSÉ MANUEL -	34917675H	9
10158/77	PÉREZ OTERO, CB	E27740935	9
10163/77	MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, MARCOS ANTONIO	36066254T	7
10164/77	ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS, SL	B36955769	3
10166/77	BASTOS FERNÁNDEZ, MONTSERRAT	36097526S	2,7
10167/77	LINO VIGO, SL	B36809648	7
10169/77	HORTAS ALVAREZ VIGUESA, SLL	B27780717	8
10176/77	LIMPIEZAS LUA CLARA, SL	B36760437	7
10183/77	ALVAREZ RODRÍGUEZ, JUANA	36095858A	1

(*) Táboa de códigos de denegación:

Código	Concepto	Referencia	Apartado
1	Contrato formalizado fora do período obxecto da subvención.	Base 1ª	1.2 e 1.5.1
2	Período de contratación inferior a 3 meses.	Base 1ª	1.2
3	A persoa contratada non está empadroada no municipio de Vigo ou acredita un período inferior ao establecido na data de presentación da solicitude.	Base 1ª	1.2, 1.3.5, 1.4 e 1.5.1
4	Relación contractual previa inferior a 4 anos.	Base 1ª	1.4
5	Contrato a xornada parcial cunha duración inferior a 20 horas/semana.	Base 1ª	1.4
6	Documentación incompleta	Base 4ª	4.1
7	Ter débedas coa facenda municipal.	Base 1ª	1.3.8
8	Exclusións e incompatibilidades	Base 2ª	
9	Desestímulo e/ou renuncia	Base 6ª	6.2

8(1146).- ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO “VIGO INTEGRÁ”. EXPTE. 10400/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 8.10.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar a subvención concedida na resolución da Directora Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 17 de setembro de 2013, en base a Orde do 18 de abril de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2013 e 2014 de programas integrados para o emprego, co expediente TR332A/2013-34-0, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 63.653,00 € para o ano 2013 e de 63.653,00 € para o ano 2014.

SEGUNDO.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do programa integrado para o emprego “Vigo Integra”, conforme ao establecido na orde de 18 de abril de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2013 e 2014, e proceda ao axuste do programa ao presuposto aprobado.

9(1147).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “CLASS CENTRO DE ESTUDIOS S.C.” COMO INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. EXPTE. 10406/77.

Visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 15.10.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “ CLASS CENTRO DE ESTUDIOS, S.C. ” promovido e presentado por Luis Alfonso Rodríguez Pérez sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011).

10(1148).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GRUPO INTEGRA MGSÍ CEE S.L. PARA MELLORAR A INSERCIÓN LABORAL DO COLECTIVO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. EXPTE. 10220/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.09.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 21.08.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Centro Especial de Emprego Grupo Integra MGSÍ CEE S.L.", que se achega no expediente.

SEGUNDO.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do concello na tramitación e execución de dito convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O "CONCELLO DE VIGO" E O CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO "GRUPO INTEGRA MGSÍ CEE S.L."

R E U N I D O S

Dunha parte, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, en nome e representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e enderezo en Praza do Rei, 1, actuando en cumprimento das facultades que lle otorga, en calidade de representante da Corporación.

E doutra parte D Juan José Laguna Pedraza, como director xeral de Grupo Integra MGSÍ CEE S.L. con C.I.F B27715879.

M A N I F E S T A N

Primeiro. Que GRUPO INTEGRA MGSÍ CEE, S.L. é unha empresa de servizos (limpeza, hixienización, servizos de información, medio ambiente, central de compras, jardinería, manipulados), de forma individualizada. Ademais, como CEE un dos seus principais obxectivos estratéxicos é promover a integración laboral e social de persoas con discapacidade.

Segundo. Que os seus valores corporativos esenciais son: prestar o servizo requerido polos seus clientes cos máximos niveis de calidade, eficacia e competitividade e facilitar a incorporación ao mercado laboral e desenvolvemento persoal a persoas discapacitadas.

Terceiro. Que o Concello de Vigo sinte unha especial preocupación pola situación sociolaboral dos seus cidadáns e considera que, en este aspecto, o colectivo de persoas con discapacidade require medidas específicas de preparación e promoción para a súa integración sociolaboral.

Por este motivo, as partes chegaron aos seguintes ACORDOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer os dereitos e as obrigas derivadas da colaboración entre Integra MGSÍ CEE S.L. e o Concello de Vigo para dar soporte a actuacións de colaboración que melloren a inserción laboral do colectivo de persoas con discapacidade

SEGUNDO.- MARCO DE COOPERACIÓN

Propónse o seguinte marco de cooperación coas seguintes actuacións:

Por parte do Concello de Vigo:

- Apoio a Integra MGSÍ CEE, S.L. en accións de captación e sensibilización dirixidas ao tecido empresarial do municipio.
- Facilitar o contacto coas empresas, cedendo os espazos necesarios, sempre que sexa posible, para a realización de sesións informativas no Centro Local de Emprego ou nos centros cívicos municipais.
- O obxecto destas accións é divulgar e facilitar ás empresas a integración de persoas con discapacidade nos seus equipos.

Por parte de Grupo Integra MGSÍ CEE, S.L.:

- Accións de seguemento e apoio continuo ás persoas con discapacidade do municipio que se inserten laboralmente a través de Integra MGSÍ CEE S.L., poñendo a súa disposición o equipo multidisciplinar que conforma a Unidad de Apoio de Integra aplicando o protocolo de actuación específico que requira cada caso.
- Accións de captación e convocatoria dirixidas a empresas do municipio co apoio arriba mencionado por parte do Concello de Vigo.
- Integra MGSÍ CEE S.L. comprometerase a que as persoas con discapacidade do municipio terán prioridade para acudir aos procesos selectivos que se deriven das ofertas xurdidas no marco desta colaboración.

TERCEIRO.- DIFUSION DA ACCION

Integra MGSÍ CEE S.L. e o Concello de Vigo poderán utilizar a información das accións obxecto deste convenio a fin de difundila entre a súa base social o a través dos medios de comunicación.

O Concello de Vigo podrá solicitar información das accións realizadas con persoas usuarios, como desenvolvemento das actuacións contempladas neste Convenio. Integra MGSÍ CEE S.L., adoptará as medidas necesarias para responder a dita solicitude.

CUARTO.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSONAIS

Ambas as dúas partes comprométense a cumprir o establecido na Lei 8/2001, de 13 de xullo, de Protección de Datos de Carácter Persoal na Comunidade de Madrid e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

QUINTO.- SUSPENSIÓN O RESCISIÓN DO PRESENTE CONVENIO

O prazo de validez deste convenio é de 1 ano. Renovarase anualmente sempre que exista acordo entre as dúas partes.

SEXTO.- JURISDICCIÓN DO CONVENIO

O presente Convenio ten natureza administrativa, seguindo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico- administrativo, con expresa sumisión das partes á jurisdicción contencioso-administrativa.

E EN PROBA DE CONFORMIDADE E DE ACEPTACIÓN, as partes asinan este convenio en dous exemplares e a un só efecto.

11(1149).- REVISIÓN EXTRAORDINARIA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO VIGO CORRESPONDENTE A XANEIRO DE 2013 E REVISIÓN ORDINARIA CORRESPONDENTE AO IPC ABRIL 2012- ABRIL 2013. EXPTE. 14960/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 3.10.13, conformado polo xefe dos Servizos Enerxéticos e polo concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o inventario de puntos de luz das instalacións de alumeado público a 31.12.2012 que acada 45.418 unidades, resultando un incremento de 2.888 puntos de luz sobre o derradeiro inventario aprobado en decembro 2008, o que supón un incremento porcentual do 6,79 % dende dita data.

2º.- Aprobar a revisión extraordinaria do contrato de “ Mantemento e conservación das instalacións de alumeado público do Concello de Vigo” no que afecta só ao mantemento das instalacións por un importe anual de 1.484.409,68 € sen IVE o que supón 1.796.135,71 € (con IVE).

3º.- Aprobar a renuncia a revisión ordinaria correspondente a maio 2012 presentada pola empresa adxudicataria do contrato lmesApi e que figura no expediente.

4º.- Aprobar a revisión ordinaria do contrato de “ Mantemento e conservación das instalacións de alumeado público do Concello de Vigo” no que afecta ao mantemento máis reposición das instalacións máis o alumeado navideño, por un importe anual de 22.104,06 €/ano (sen IVE) o que supón 26.745,91€ / ano (con IVE).

5º.- Aprobar o prezo total anual do contrato de “ Mantemento e conservación das instalacións de alumeado público do Concello de Vigo” en tódolos seus conceptos despois das revisións extraordinaria e ordinaria por un importe total anual de 1.708.572,12 € (sen IVE) que supón 2.067.372,12 € (con IVE).

6º.- Aprobar o importe dos atrasos derivados da revisión extraordinaria do contrato por un importe de 7.865,24 € (sen IVE) / mes que supón 9.516,94 € (con IVE) / mes, dende o 1 de xaneiro de 2013, data de entrada en vigor da revisión extraordinaria do contrato.

7º.- Aprobar o importe dos atrasos derivados da revisión ordinaria do contrato por un importe mensual de 1.842,01 € / mes (sen IVE), que supón 2.228,83 €/ mes (con IVE), dende o 1 de maio de 2013, data de entrada en vigor da revisión ordinaria do contrato.

12(1150).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO DA RÚA BOÁN” (OBRAS DO PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA). EXPTE. 2108/440.

Dar conta da tramitación do xefe de Área de Fomento, do 15.10.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na clausula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de “Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Boán”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 11 de outubro de 2013, co número de expediente 2.347/443 e por un importe total de 341.160,42 € (IVE excluído).

En data 15 de outubro de 2013, Aqualia presenta no Rexistro Xeral do Concello a documentación requerida no apartado III.c indicado anteriormente.

De acordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente “Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Boán”, cos datos requeridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 2347/443.

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A38849495.

Orzamento de execución material”286.689,43 €

Orzamento de contrata: 341.160,42 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 4 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e o Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: E1b, G6c.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: ESINPRO, S.L.

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM Gestión de Seguridad en construcción.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

13(1151).- DAR CONTA DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DEPOSITADO NO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE XUÑO DE 2012 E SETEMBRO DE 2013. EXPTE. 4981/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal Quiñones de León, conformado polo xefe de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

Quedar enterada dos depósitos de materiais arqueolóxicos realizados no Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, no período comprendido entre xuño de 2012 ata setembro de 2013, e que aparecen na seguinte relación:

Nº EXPEDIENTE	LUGAR DE APARICIÓN	DATA DE ENTREGA
726-337	Praza de Compostela, 21	06/08/12
1167-337	Praza da Igrexa esquina Rúa Real	06/08/12
4870-337	San Cibrán (achádego casual)	24/08/12
4554-337	Rúa San Sebastián, 24 - 26	14/09/12
4636-337	Rúa San Sebastián, 13	04/06/12
3455-337	Rúas Subida ao Castelo, 5 - 7 e San Sebastián, 4	20/12/12
3685-337	Rúas Ferreiría 11-13-17-19 e San Sebastián, 1-3-5-7	20/12/12
4583-337	Praza da Constitución	10/01/13
4752-337	Paseo de Alfoinso XII, 29 e Rúa Santiago, 22-24	08/02/13
133 e 467-337	Marqués de Valladares, 41 - 43	08/02/13
4349-337	Rúa Real, 27-29-31-33 e Rúa Alta, 26	15/03/13
4907-337	Chan do Cereixo (achádegl casual)	06/06/13
4931-337	Parcela nº 23 da U.E. I-05 da Rúa Rosalía de Castro, 1	12/07/13
4934-337	Rúa Ferreiría, 3-5-7	12/07/13
4932-337	Rúa Teófilo Llorente	12/07/13
4721-337	Rúas Valentín Paz Andrade, 15 e Sebastián El Cano, 7	27/09/13
4738-337	Rúa Eduardo Cabello, 23 (Bouzas)	27/09/12

14(1152).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, O REAL CLUB CELTA DE VIGO E A FUNDACIÓN CELTA DE VIGO PARA LEVAR A CABO A ACCIÓN DINAMIZADORA DA LINGUA GALEGA “GÚSTAME O GALEGO DE PRIMEIRA”. EXPTE. 1694/334.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Normalización Lingüística, do 14.10.13, conformado pola concelleira de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo, o Real Club Celta de Vigo e a Fundación Celta de Vigo para levar a cabo a acción dinamizadora da lingua galega “Gústame o galego de primeira”, que de seguido se transcribe:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, O REAL CLUB CELTA DE VIGO E A FUNDACIÓN CELTA DE VIGO PARA LEVAR A CABO A ACCIÓN DINAMIZADORA DA LINGUA GALEGA “GUSTAME O GALEGO DE PRIMEIRA”

Na Casa do Concello, o día ----- de ---- de dous mil trece,

REUNIDOS

Dunha parte, Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, na representación legal deste.

Doutra parte, Carlos Mouriño Atanes, presidente do Real Club Celta, SAD de Vigo, na súa representación legal e Serafín Alonso Barbosa, director xeral da Fundación Celta de Vigo, na representación desta.

En virtude da súa representación recoñécense con capacidade abonda para asinar este convenio de colaboración e

EXPOÑEN

O Concello de Vigo aprobou no ano 2004, por unanimidade plenaria, a creación do Consello Social da Lingua, órgano que ten para o seu asesoramento, consulta e participación na política lingüística, ata conseguir que o galego sexa usado decote pola práctica totalidade da poboación viguesa (art. 1 do Regulamento do Consello Social da Lingua).

Dentro das súas funcións está “Estudar e analizar, por instancia da Comisión Especial de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, as cuestións relacionadas co fomento e mais a promoción da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade” (art. 2.b. do citado regulamento).

Como membros deste consello están as distintas institucións e entidades que no ámbito político e social vigués teñen notable relevancia e poder resolutivo cara a tomar decisións tendentes a acadar a dinamización e normalización da lingua galega en Vigo.

O Real Club Celta de Vigo é membro de pleno dereito do Consello Social da Lingua dende a súa fundación.

No ano 2006 o Consello Social da Lingua aproba, por unanimidade, o Plan de dinamización lingüística para a nosa cidade. Documento que guía o proceso social da normalización da lingua galega e que marca as estratexias de intervención a partir do diagnóstico da lingua de noso e que persegue o compromiso dos actores sociais neste proceso.

O Real Club Celta participou na redacción deste Plan de dinamización lingüística.

Se como o propio plan determina que Concello ha de asumir unha función activadora e dinamizadora de cara á implicación dos axentes sociais estratéxicos da cidade na promoción da lingua (sector administración, directrices estratéxicas) destaca tamén a necesidade de aglutinar todas as iniciativas e potencial que dende a propia sociedade se produzan.

Nestes últimos anos tense incidido no seo do consello na relevancia, e asemade, necesidade, de establecermos unha acción dinamizadora participativa, sentida e querida por toda a sociedade, que aglutine distintos eixos e estamentos, que incida nos diferentes sectores da nosa sociedade... e que sexa "vívida" polas e polos propios vigueses.

Un dos lugares frecuentes que analizamos e que mesmo temos xa experimentado é a implicación de referentes sociais nestas iniciativas. Referentes para a mocidade, para nenos e nenas mais tamén para comerciantes, hostaleiros, empresarias... Un referente común que una a cidadanía.

O Real Club Celta de Vigo é precisamente ese referente que une a todas e todos os vigueses. Nestes primeiros 90 anos de vida, Vigo ten un embaixador de excelencia no Celta dentro e fóra das fronteiras do estado.

E o Celta e para nós tamén algo máis ca un club, é un sentimento que pasa de xeración en xeración e que ano tras ano vai medrando e estendéndose por alén de Galicia.

Nestes anos de "afouteza e corazón" Celta e Vigo van unidos non só nunha denominación senón que se conforman nesas dúas caras da moeda precisas para sermos.

E ambas as dúas teñen como elemento de unión tamén a lingua que nos identifica e na que plasmamos o noso "orgullo e tradición" mais que tamén é a lingua de nos comunicar, de nos expresar, de "xogar", de compartir cidade.

Dende anos os altofalantes en Balaídos proclaman o noso "Como sempre o de sempre. Ala Celta!" e partido tras partido cantamos o himno do "nobre xogo" que leva a vibrar a "toda a afección".

Este Celta actual, este Celta que é galego, que é de primeira... é o que nos leva a crer nestes axiomas: "Gústame o galego", "Gústame o galego de primeira".

Xa daquela

MANIFESTAN

Primeiro:

A lingua galega, patrimonio común de todas e todos os galegos e sinal de identidade de Galicia, é, consonte co establecido no art. 5.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, "a lingua propia de Galicia" e asemade "lingua oficial" de e en Galicia.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece (art. 6.4) que os poderes

locais han adoptar medidas tendentes a acadarmos a progresiva normalización do idioma galego. No artigo 25 da citada lei recóllese: "O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras".

Consto con estas obrigas normativas, o Concello de Vigo aprobou no ano 1989 a Ordenanza municipal de normalización lingüística, en cuxo articulado recóllese o carácter de lingua propia e lingua oficial do galego no e do concello vigués.

Segundo:

Acadarmos un status de normalidade e un uso normal para a lingua propia e oficial é, xa que logo, un deber das administracións. Mais esta actuación ha de se realizar dun xeito participado pola sociedade, pois esta ha ser o protagonista principal.

Así o entende o Concello de Vigo e así o pon de manifesto coa creación de estruturas participativas para a sociedade como son a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, e o Consello Social da Lingua.

No seo de ambas as dúas tense debatido sobre a necesidade de levar a cabo unha acción dinamizadora do uso do galego e que asemade sirva para romper certos prexuizos lingüísticos que aínda perviven na sociedade.

O Real Club Celta e a Fundación Celta de Vigo son exemplo de pular, dun xeito normal e continuo, pola lingua galega. O seu uso xeneralizado na megafonía e vídeo-marcadores no estadio partido tras partido, a súa presenza en campañas e na páxina oficial de ambas as dúas entidades son exemplos deste labor dende o club vigués.

Terceiro:

"Gústame o galego" é unha actuación de dinamización da lingua galega que visibiliza o apoio individual ao proceso de normalización lingüística a través de fotos con frases suxestivas sobre o uso do galego en diversos ámbitos e situacións.

Esta actuación favorece o achegamento de persoas anónimas e referentes e provoca unha mínima reflexión sobre a necesidade de fomento do galego en diferentes ámbitos e situacións. Asemade achega tanto a espazos públicos como á rede mensaxes favorables sobre a lingua de noso.

Xorde da iniciativa da Coordinadora de Traballadoras e Traballadores de Normalización da Lingua e do seu "Viveiro de propostas normalizadoras".

Fabaloba "semente de ideas que se alimenta de lingua, tradición e patrimonio para medrar de xeito sustentable e vivir experiencias enriquecedoras" é a empresa que leva esta campaña que dende o pasado ano vai realizándose por todo o país da man de concellos, universidades, centros educativos, entidades deportivas... e que conta con milleiros de siareiros e siareiras. E a cal o Concello de Vigo se dirixiu para achegar esta iniciativa e coordinala.

Cuarto

Concello de Vigo, Real Club Celta de Vigo e Fundación Celta de Vigo queren unir o seu esforzo para acadar un maior logro nas accións que, individualmente, están xa a realizar cara a normalizar o uso da lingua de noso.

As tres entidades, consideran a acción dinamizadora "Gústame o galego de primeira" como unha

actuación acaída aos obxectivos perseguidos: que a lingua de noso sexa unha lingua na que nos comuniquemos, usemos, estudemos, traballemos, xogemos... de xeito normal.

Quinto:

De acordo con todo o anterior, as entidades que interveñen conclúen na necesidade de de asinar este convenio cuxo obxecto é a realización da campaña de dinamización lingüística "Gústame o galego de primeira".

No Anexo I deste convenio detállanse os contidos, accións e calendario desta actuación.

Sexto:

Este é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral, poden levar a cabo as administracións públicas con persoas xurídicas privadas co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, excluído do ámbito de aplicación do R.d.I. 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público ao abeiro do establecido no artigo 4.1.d.

Sétimo:

De acordo co que establece a Base 40 das de execución do orzamento o expediente deberá incorporar as preceptivas certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, AEAT e Tesourería municipal.

As entidades que comparecen subscriben este convenio e

ACORDAN

Primeiro:

Asinar este convenio de colaboración para levar a cabo a acción de dinamización da lingua galega "Gústame o galego de primeira".

Segundo:

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Normalización Lingüística, contratará a Falaloba (empresa que está a desenvolver esta actuación por todo o país) para realizar o traballo preciso para poder levar a cabo esta campaña.

O Real Club Celta autorízalle ao Concello de Vigo o uso dos dereitos de imaxe dos xogadores e cadro técnico durante o período no que se estenda esta actuación:

O Concello de Vigo, toda vez que vai contratar a citada empresa, velará polo cumprimento axeitado deste uso.

Terceiro:

"Gústame o galego de primeira" estenderase ao longo do derradeiro trimestre deste ano 2013 e ate xuño do ano 2014.

Cuarto:

As partes acordan crear unha comisión de seguimento da acción. A dita comisión estará integrada por un membro de cada unha das entidades.

Quinto:

Esta comisión ten como obxecto a proposta, seguimento e avaliación das actuacións incluídas no convenio.

En caso de desacordo ou desavinza entre as partes, será esta comisión quen tentaría chegar a acordo entre as partes.

A comisión reunirse sempre que as partes o soliciten e, cando menos, dúas veces ao longo da vixencia deste convenio.

Por parte do Concello de Vigo será o SNL a unidade administrativa que certifique o cumprimento do convenio.

Sexto:

Este convenio entra en vigor no día seguinte ao da súa sinatura e rematará canda a finalización das actuacións determinadas no anexo I.

O convenio poderá prorrogarse se así o acordan, por unanimidade, as partes.

Sétimo:

A actuación do convenio poderá modificarse de así o acordaren as partes asinantes.

Oitavo:

Serán causa de resolución do convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas*
- b) Calquera outra cousa que impida a correcta aplicación do convenio*

O incumprimento da calquera das obrigas contraídas por mor deste convenio por unha das partes facultará as outras para rescindir este.

Noveno:

O presente convenio ten natureza administrativa, rexerese pola súa normativa específica aplicándose os principios da LCSP para resolver as dúbidas que se puidesen presentar, polas bases e execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas do dereito administrativo, e -no seu caso- as normas de dereito privado.

No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asinano no lugar e data que se indican no encabezado.

ANEXO I

Gústame o galego de primeira

Proposta de desenvolvemento

Que é?

Campaña de sensibilización coa lingua e dinamización da lingua galega que visibiliza o apoio individual ao proceso de normalización lingüística a través de fotos con frases suxestivas sobre o uso do galego en diversos ámbitos e situacións, neste caso co mundo do deporte e concretamente co do fútbol.

Como?

Neste caso concreto a sensibilización non terá lugar só pola adhesión individual das persoas que queiras participar na campaña, senón que se incidirá no mundo do fútbol, como espectáculo de mases e elemento fundamental da personalidade local para chegar a máis persoas e dar unha imaxe máis potente. Polo tanto, prevense unha serie de actividades ao redor de fotocol, tanto

previa a este, como nos momentos posteriores.

A proposta inclúe os seguintes pasos:

- Creación dun lema específico para a ocasión: *Gústame... o galego de 1.^a*
- Fotos e vídeo cos xogadores do Celta que colaboren portando ese lema
- Elaboración e distribución de cartelaría con esas imaxes
- Presenza do fotocolor en Balaídos
- Concerto
- Ampliación da campaña a outros deportes nos que poida ter éxito (*Gústame que o galego xogue na zona...*)

15(1153).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS “RESTAURACIÓN DE PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS”. EXPTE. 2449/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Area de Fomento, do 4.10.13, que di o seguinte:

*Obra: “RESTAURACIÓN DA PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS”. Expte. 2246/443.
Localidade e situación: PASEO DE PAZ ANDRADE (BOUZAS).
Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.
Autor/a do proxecto: D. JUAN VICENTE ALBÍN NÍGUEZ, D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO e D. ÁLVARO CRESPO CASAL.*

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 19 de outubro de 2012 aprobou o PROXECTO DE RESTAURACIÓN DA PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS, cun orzamento de base de licitación de 292.891,97 € IVE engadido, e en data 28 de decembro de 2012 en sesión extraordinaria e urxente acorda a adxudicación definitiva das obras á empresa ORECO, SA. por un prezo total de 250.364,06 euros IVE engadido.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- *Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “ORECO, SA.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1154).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “RESTAURACIÓN DE PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS”. EXPTE. 2448/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Area de Fomento, do 4.10.13, que di o seguinte:

Obra: “RESTAURACIÓN DA PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS”. Expte. 2246/443.

Localidade e situación: PASEO DE PAZ ANDRADE (BOUZAS).

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. JUAN VICENTE ALBÍN NÍGUEZ, D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO e D. ÁLVARO CRESPO CASAL.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Contratista titular do plan: ORECO, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. JUAN VICENTE ALBÍN NÍGUEZ, D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO e D. ÁLVARO CRESPO CASAL..

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: ---.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ELIAS GONZÁLEZ ROMA (ENMACOSA).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: ORECO, SA.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “RESTAURACIÓN DA PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS”.*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria DEMAIN, S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1155).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO DA RÚA BOÁN”. EXPTE. 2459/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Area de Fomento, do 15.10.13, que di o seguinte:

*Obra: “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA BOÁN”.
Expte. 2347/443.*

Localidade e situación: RÚA BOÁN.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 11 de outubro de 2013 aprobou o PROXECTO “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA BOÁN”, cun orzamento de base de licitación de 341.160,42 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

– *Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “AQUALIA FCC UTE VIGO, SA.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

18(1156).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DA RÚA BOÁN”. EXPTE. 2458/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Area de Fomento, do 15.10.13, que di o seguinte:

Obra: “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA BOÁN”. Expte. 2347/443.

Localidade e situación: RÚA BOÁN.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS

Contratista titular do plan: AQUALIA FCC UTE VIGO, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. JOSÉ LUIS CIVIDANES MATOS

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO.

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: FCC-AQUALIA UTE VIGO.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA BOÁN”.*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA FCC UTE VIGO, S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento

do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1157).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL XUÑO-AGOSTO 2013. EXPTE. 24464/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 27.09.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 5.362,18 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Villar Estévez e que remata en D. O. Santiago Alonso Ferragud-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
69631-250		Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Agosto 2013	243,96 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Agosto 2013	266,57 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Agosto 2013	157,70 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Agosto 2013	137,75 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Agosto 2013	176,89 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Agosto 2013	225,72 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Agosto 2013	152,76 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Agosto 2013	302,10 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Agosto 2013	136,80 €
86745,86753-210	Mobilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Xullo-Agosto 2013	250,23 €
86746,86754-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Xullo-Agosto 2013	362,71 €
86747,86755-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Xullo-Agosto 2013	243,20 €
28011/28016-502, 28026/28031-502	Inspección Tributos	Fragua Jamarco, Vicente	36.036.018-D	15510	Xullo-Agosto 2013	254,98 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Xullo-Agosto 2013	351,12 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Xullo-Agosto 2013	401,28 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Xullo-Agosto 2013	421,04 €

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Xullo-Agosto 2013	400,71 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Agosto 2013	119,32 €
		Rodríguez Torres, Javier	76.995.552-Q	82215	Xullo-Agosto 2013	58,14 €
	Museo da Cidade "Quiñones de León"	Vázquez Díaz, José Manuel	36.044.945-N	22958	Agosto 2013	49,78 €
88048-301	Benestar Social	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Xuño-Xullo 2013	30,97 €
	Educación	Codesido Rodríguez, J.-Felipe	36.081.823-K	19399	Agosto 2013	124,26 €
		Silva Lorenzo, Alfonso	36.002.568-R	15668	Agosto 2013	48,83 €
		Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Agosto 2013	45,03 €
13481-310	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Xuño 2013	238,45 €
2057-448	Parque Central	Alonso Ferragud, O. Santiago	35.973.972-V	16691	Xuño 2013	161,88 €
TOTAL						5.362,18 €

Os gastos correspondentes aos servizos de Inspección de Tributos e Conserxería deberan imputarse as Reservas de Crédito Nº 12664 e 56360 respectivamente.

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	1.361,35 €
9220	Conserxería	438,90 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	856,14 €
9310	Inspección de Tributos	1.829,13 €
1640	Cemiterios	177,46 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de León"	49,78 €
2310	Benestar Social	30,97 €
3210	Educación	218,12 €
3134	Sanidade	238,45 €
1551	Parque Central	161,88 €
	TOTAL	5.362,18 €

20(1158).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DE D. JESÚS GARCÍA ALFONSO, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24432/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 12.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do servizo de Mobilidade, Seguridade e Transporte, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relación que se achega no expediente, por un importe

total de 158,86 € correspondentes ó 2º trimestre de 2013 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

21(1159).- ABOAMENTO DE INTERESES NA EXECUCIÓN 159/2012 CORRESPONDENTE AO PROCEDIMENTO 9/2008 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4 (ELISA CASAL PRIETO E OUTROS). EXPTE. 24468/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.10.13, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interiro, do 27.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 15 de xullo de 2013, dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 4 de Vigo, polo que se comunica a liquidación de intereses practicada na execución 159/2012, sendo demandantes D. Xosé Alberte Cea Rodríguez, Dª Eva Mª García Barbosa, Dª Elisa Casal Prieto e Dª María Belén Pérez Freire en relación co procedemento 9/2008 en materia de cantidades.

En dita resolución apróbase a liquidación de intereses practicada por importe de 19.289,92 €, toda vez que consta ingresada a cantidade de 13.067,42 € a favor de dita execución, procede o ingreso da contía de 6.222,50 € que resta para completar o importe de dita liquidación.

Dita execución 159/2012 correspondense ao procedemento 9/2008 relativo a demanda de reclamación de cantidades presentada por D. Xosé Alberte Cea Rodríguez, Dª Eva Mª García Barbosa, Dª Elisa Casal Prieto e Dª María Belén Pérez Freire contra o Concello de Vigo, a cal foi executada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2012.

O efectuar dita execución xa se fixo ingreso da contía de 13.067,42 € provisionais para intereses, co que restarían 6.222,50 €.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dêfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Espa-

ñola, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais por importe de 6.222,50 € con cargo a partida 92201410000 “indemnizacións por sentenzas xudiais”.

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Unico.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 4 de Vigo, na execución 159/2012, procedéndose ao abono da cantidade de 6.222,50 en concepto de resto de intereses non aboados unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 4 mediante transferencia na conta nº 0030 1846 42 0005001274 co concepto 3629 0000 64 015912.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1160).- ABOAMENTO DE INTERESES NA EXECUCIÓN 81/2012 CORRESPONDENTE AO PROCEDIMENTO 3/2008 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4 (PATRICIA MARTÍNEZ GONZÁLEZ). EXPTE. 24344/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.10.13, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 27.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 15 de xullo de 2013, dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 4 de Vigo, polo que se comunica a liquidación de intereses practicada na execución 81/2012, sendo demandante D^a Patricia Martínez González en relación co procedemento 3/2008 en materia de cantidades.

En dita resolución cuantifícanse os intereses que ascenden a 2.978,68 €, resto resultante unha vez practicada dita liquidación.

Dita execución 81/2012 correspondense ao procedemento 3/2008 relativo a demanda de reclamación de cantidades presentada por D^a Patricia Martínez González contra o Concello de Vigo, a cal foi executada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2012.

O efectuar dita execución xa se fixo ingreso da contía de 2.174,05 € provisionais para intereses, co que restarían 804,63 €.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra "Dèfense de l'esprit des lois" (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade

co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais por importe de 804,63 € con cargo a partida 92201410000 "indemnizacións por sentenzas xudiais".

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Unico.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 4 de Vigo, na execución 81/2012, procedéndose ao abono da cantidade de 804,63 en concepto de resto de intereses non aboados unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 4 mediante transferencia na conta nº 0030 1846 42 0005001274 co concepto 3629 0000 64 008112.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1161).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 08.09.2013, DA EXECUCIÓN DA SENTENZA Nº 152/2013, DO 30 DE SETEMBRO, DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2, DE VIGO, NO P.A. 172/2013, INTERPOSTO POR DA. IOLANDA ALONSO REGUEIRO. EXPTE. 24494/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 8.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 07/10/2013 recíbese comunicación da Asesoría Xurídica Municipal de sentenza nº 152/13, de 30 de setembro, dictada no procedemento 173/2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 dos de Vigo, interposto por D^a Iolanda Alonso Regueiro, contra resolución do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal de 12 de xuño de 2013, pola que se desestimaba a solicitude de disfrute do permiso de paternidade.

2.- Na indicada sentenza fallase literalmente: "Que debo ESTIMAR y ESTIMO el recurso contencioso administrativo preentado por D^{ÑA}. IOLANDA ALONSO REGUEIRO contra la Resolución del Concelleiro delegado del Area de Xestión Municipal de 12 de junio de 2013 por la que se desestima la solicitud de disfrute del permiso de paternidad, y anulo el acto recurrido, declaro el derecho de la demandante a disfrutar del permiso de paternidad, y anulo el acto recurrido, declaro el derecho de la demandante a disfrutar del permiso de paternidad solicitado, y condeno a la Administración demandada a permitirle su disfrute."

3.- Considerando que o Servizo de Asesoría Xurídica manifesta en escrito de 2 de outubro e 2013 o escaso marxe de éxito procesal que presenta a eventual promoción dun recurso de apelación, desaconsellan dita interposición, procédese á emisión de informe-proposta de resolución ao obxecto de proceder a súa execución.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignent; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

II.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118); en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. -Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

IV.- Considerando as competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, sométese ao mesmo a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"PRIMEIRO.- Executar a Sentenza nº 152/13, do 30 de setembro de 2013, dictada no procedemento abreviado 173/2013, do Xulgado do Contencioso Administrativo número dous dos de Vigo e consecuentemente dispoñer o disfrute do permiso de paternidad de D^a Iolanda Alonso Regueiro, a partir do día seguinte a recepción da notificación da presente resolución.

SEGUNDO.- Dar conta da presente resolución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 dos de Vigo aos oportunos efectos, a través da Asesoría Xurídica Municipal, notificando asemade á interesada, Sr. Concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente, Recursos Humanos (Ne-

gociado Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal), aos efectos que procedan, debendo darse conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e ratificación se procede.”

Contra a presente resolución, que ten natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, en cumprimento de resolución xudicial, unicamente caberá a interposición de recurso potestativo de reposición nos supostos previstos no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación da mesma, sen prexuízo de calquera outro que, en vía xurisdiccional, estimen procedente en defensa dos seus dereitos.

O concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, con data 8.09.13, resolve de conformidade coa proposta do precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

24(1162).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

A) COMUNIDADE DE PROPIETARIOS TRAVESÍA DE VIGO Nº 2. EXPTE. 68311/250.

Visto o informe-proposta do exeñeiro xefe de Vías e Obras, do 8.10.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 184,30 € (cento oitenta e catro con trinta euros) a favor da Comunidade de Propietarios Travesía de Vigo, nº 2, constituída para a realización dunha cala na vía pública na rúa Urzáiz, 123.

B) OBRAS Y REFORMAS DOPAL S.L.U. EXPTE. 69366/250.

Visto o informe-proposta do exeñeiro xefe de Vías e Obras, do 8.10.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 31,60 € (trinta e un con sesenta euros) a favor de Obras y Reformas Dopal, S.L.U. Constituída para a realización dunha acometida para arranxo dunha avaría na rúa Venezuela, nº 13.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

25(1163).- DISOLUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA U.E.IV-09 RAMÓN NIETO Nº 3. EXPTE. 5012/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 8.10.13, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- I. *Con data do 28 de maio de 2001 o Pleno do Concello acordou: "(...) Aprobar definitivamente o Estudio de detalle da unidade de execución IV-09 Ramón Nieto, 3 (Expte núm. 5653/411) situada entre a rúa Ramón Nieto e a Travesía Pardavila, promovido pola Comisión Xestora -actualmente constituída en Xunta de Compensación- do devandito polígono, conforme ó proxecto técnico redactado pola arquitecta D.^a María A. Leboreiro Amaro, e visado polo COAG con datas 22 de marzo de 2001 e 4 de abril de 2001 (plano n.º 6), coa precisión de que a parcelación e adxudicación de edificabilidades que figuran no Estudio de detalle ós distintos propietarios ten carácter meramente indicativo, pendente de concreción no correspondente proxecto de compensación (...)"*
- II. *Previamente, con data do 16 de marzo de 2000 o Consello da xerencia municipal de Urbanismo acordara aprobar definitivamente o proxecto de bases de actuación e estatutos para a constitución e funcionamento da Xunta de compensación da U. E. IV – 9 Ramón Nieto, 3 (Expte 4157/401). Así mesmo, o Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 21 de setembro de 2000 acordara aprobar a escritura de constitución da Xunta de Compensación da U. E. IV-09 Ramón Nieto, 3, constituída mediante escritura pública outorgada con data trece de xuño de dous mil pola Xunta de Compensación, ante o notario do Ilustre Colexio da Coruña con residencia en Vigo, don Alejo Calatayud Sempe-re, ó númro 1037 (mil trinta e sete) do seu protocolo (Expte 4241/401) e que foi inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras mediante resolución do subdirector Xeral de Urbanismo de data do 11 de decembro de 2000, co número 29/00.*
- III. *Con data do 16 de maio de 2002 o Consello da xerencia municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o correspondente proxecto de compensación, así como desestimar diversos recursos de alzada interpostos contra varias resolucións da Xunta de Compensación (Expte núm. 4300/401).*
- IV. *Con data do 16 de xaneiro de 2003 o Consello da xerencia municipal de Urbanismo deu a aprobación definitiva ao proxecto de urbanización da "U. E. IV – 09 Ramón Nieto, 3", promovido por don José Diz Vega en representación da Xunta de Compensación urbanizadora do ámbito e redactado pola arquitecta dona María Asunción Leboreiro Amaro, visado polo COAG os días 6 de marzo de 2002 e 22 de abril de 2002 (Expte 4307/401).*
- V. *Con data de 27 de decembro de 2007, á vista dos informes do técnico da Oficina do Servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 22 de novembro de 2007 e do adxunto ao director dos Servizos técnicos de 30 de novembro de 2007, a Xunta de Goberno Local acordou recibir as obras de urbanización da U. E. IV – 09 Ramón Nieto, 3.*
- VI. *Con data do 10 de marzo de 2008 pola Xunta de Goberno Local acordouse a constitución da entidade urbanística colaboradora da "U. E. IV – 09 Ramón Nieto, 3" (Expte 4773/401). En cumprimento da resolución do secretario xeral técnico da CMATI de data do 20 de xaneiro de 2012 estimando o recurso de alzada interposto contra a resolución do director xeral de Urbanismo de data 10 de xullo de 2008, procedeuse a inscribir a entidade nomeada "ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN U. E. IV – 9 RAMÓN*

NIETO, 3^o do Concello de Vigo no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras co número 1/12, tomo VII, folia 62.

- VII. Con data do 4 de agosto de 2009 polo delegado da área de Urbanismo e Vivenda resolveuse acceder á solicitude de don Alfonso Álvarez Pérez en representación da Xunta de Compensación da U. E. IV – 09 Ramón Nieto, 3 e, en consecuencia proceder á devolución do aval constituído coa entidade Caixanova co núm. 0526 300000003-1, por importe de 118.084,80 € para garantir a reposición dos servizos urbanísticos que puidesen resultar afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no Expte núm. 4307/401 (Expte núm. 4894/401) .
- VIII. Con data do 2 de febreiro de 2011 por don Alfonso Ventoso Castro en calidade de Secretario da Xunta de Compensación da U. E. IV – 09 Ramón Nieto, 3, achégase copia da acta da Asamblea Xeral de 26 de xaneiro de 2011, sen asinar, na que se aproba a liquidación e disolución da Xunta de Compensación e a elevación a público deste acordo e asemade, certificación orixinal debidamente asinada polo Secretario co Visto e prace do Presidente dos ditos acordos adoptados nesa Asamblea Xeral -doc. núm. 110012194 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-. Por último, con data do 14 de abril de 2011 por dona Susana Retorta Pousa, en calidade de liquidadora da Xunta de Compensación, achégase escrito ao que axunta a escritura pública de disolución e liquidación da Xunta de Compensación, outorgada ante o notario José María Rueda Pérez con data do 16 de marzo de 2011, baixo o núm. 438 do seu protocolo e polo que solicita que se dea traslado ao rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras -doc. núm. 110050870 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.

NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva de forma parcial pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16 de maio de 2008 -DOG núm. 106, de 3 de xuño de 2008 e BOP núm. 151, de 6 de agosto de 2008-; o día 13 de xullo de 2009, foi aprobado definitivamente o documento de cumprimento da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo -DOG núm. 144, de 24 de xullo de 2009 e BOP núm. 175, de 10 de setembro de 2009-,
- II. O Real Decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo,
- III. A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas súas diversas modificacións -en diante LOUGA-,
- IV. O Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo, en vigor en virtude da Disposición Transitoria Sexta da LOUGA,
- V. O Real-Decreto 2159/1978, polo que se establece o regulamento de planeamento urbanístico -RPU- e o Real-Decreto 3288/1978, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística -RXU-, ambos con carácter supletorio,
- VI. A Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente,

- VII. *A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro,*
- VIII. *A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, cuxa modificación mais importante foi pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local,*
- IX. *A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,*
- X. *A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa,*
- XI. *O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,*
- XII. *Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),*
- XIII. *O resto de disposicións que poidan afectar,*

Á vista da documentación existente no expediente, emítese o seguinte INFORME/VALORACIÓN XURÍDICA

- I. *Cumprimento do obxecto e fins da Xunta de Compensación da “U. E. IV–09 Ramón Nieto, 3”.-*

Consonte ao establecido polo artigo 3 dos Estatutos definitivamente aprobados da Xunta de Compensación da U. E. IV – 09 Ramón Nieto, 3 (BOP de Pontevedra núm. 241 de 17 de decembro de 1999), o obxecto da Xunta é a urbanización e reparcelación dos terreos incluídos na Unidade de Execución, delimitada no P.X.O.U. 93.

Tal e como foi sinalado nos antecedentes deste informe, con data do 16 de maio de 2002 o Consello da xerencia municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación da “U. E. IV – 09 Ramón Nieto, 3” e con data do 16 de xaneiro de 2003 o Consello da xerencia municipal de Urbanismo deu a aprobación definitiva ao proxecto de urbanización da “U. E. IV – 09 Ramón Nieto, 3”. Así mesmo, con data de 27 de decembro de 2007, a Xunta de Goberno Local acordou recibir as obras de urbanización da “U. E. IV – 09 Ramón Nieto, 3” e con data do 10 de marzo de 2008 pola Xunta de Goberno Local acordouse a constitución da entidade urbanística colaboradora da “U. E. IV – 09 Ramón Nieto, 3”.

- II. *Disolución da Xunta de Compensación da “U. E. IV–09 Ramón Nieto, 3”.-*

En canto á liquidación da Xunta dispón o artigo 51 dos Estatutos que “1. Unha vez cumprido o obxecto sinalado no artigo 3 destes Estatutos, mediante a aprobación definitiva do proxecto de compensación e a terminación da obra urbanizadora, a Xunta de Delegados convocará Asamblea Xeral extraordinaria aos efectos de disolver a Xunta e adoptar as medidas relativas ás operacións de liquidación. 2. Tamén quedará disolta a Xunta de Compensación si reunidos en Asamblea Xeral extraordinaria a totalidade dos asociados, por sí ou debidamente representados ao efecto, acordaran por unanimidade e totalidade

de votos proceder á disolución, quedando supeditada a validez do acordo a súa ratificación polo Excmo. Concello de Vigo”.

De conformidade co artigo 17.k) dos Estatutos é unha facultade da Asamblea Xeral acordar a disolución da Xunta nos casos previstos no artigo 51 dos presentes Estatutos, que en todo caso deberá convocarse con carácter extraordinario para este tipo de acordo á vista do sinalado polo artigo 21 dos Estatutos. No tocante á convocatoria, o artigo 18 dos Estatutos establece que as reunións da Asamblea Xeral, ben sexan ordinarias ou extraordinarias, convocaranse pola Xunta de Delegados mediante carta asinada polo Secretario da mesma e que establecerá lugar, día e hora de celebración así como a orde do día dos asuntos a tratar na mesma e consonte ao artigo 22 dos Estatutos, considérase válidamente constituída a Asamblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, en primeira convocatoria coa presenza persoal ou representada de asociados que representen a metade máis un dos punto-valor e en segunda convocatoria, calquera que fose o número de socios que concorran. Cabe sinalar por outro lado, que de conformidade co artigo 23.2 dos Estatutos, os acordos, salvo que estes Estatutos esixan un quorum especial, tomaranse por maioría de votos, presentes ou representados, decidindo o Presidente con voto de calidade os empates que poideran producirse; ningún membro presente poderá excusar o voto.

Á vista da documentación achegada, a Asamblea Xeral de 26 de xaneiro de 2011, convocouse como ordinaria polo Secretario da Xunta de Delegados mediante carta remitida ao domicilio sinalado a estos efectos polos membros asociados á Xunta e fixación do anuncio no domicilio social, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación do estado das contas ano 2008, 2009 e 2010.*
- 2.- Estado actual da Xunta de Compensación.*
- 3.- Liquidación e disolución da Xunta de Compensación.*
- 4.- Elevación a público da liquidación e disolución da Xunta de Compensación.*
- 5.- Rogos e preguntas.*

A Asamblea Xeral quedou válidamente constituída en segunda convocatoria por concorrer o 58,381211 % e foron aprobados todos os puntos da orde do día por unanimidade dos membros presentes. E por isto que cómpre entender que, convocouse como unha Asamblea ordinaria por ter lugar no primeiro semestre do ano, non obstante pola materia tratada e notificada na orde do día, realmente tratouse dunha Asamblea extraordinaria.

Noutro orden de cousas, cabe traer a colación e destacar o artigo 30 do RXU que dispón que “1. A disolución das entidades urbanísticas colaboradoras producírase polo cumprimento dos fins para os que foron creadas e requirirá, en todo caso, acordo da Administración urbanística actuante. 2. Non procederá a aprobación da disolución da entidade mentres non conste o cumprimento das obrigas que estean pendentes”.

III. Órgano competente.-

Será órgano competente para a adopción do presente acordo, en aplicación do disposto nos artigos 154 e ss da LOUGA en relación co artigo 30.1 do RXU e consonte ao previsto polo artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a Xunta de Goberno Local previa proposta do Consello da xerencia municipal de Urbanismo, de conformidade co artigo 10.1.j) en relación co artigo 3 dos Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo.

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, en particular os artigos ..., PROPONSE a adopción do seguinte ACORDO

“PRIMEIRO: Aprobar a disolución da Xunta de Compensación da “U. E. IV-09 Ramón Nieto, 3” constituída mediante escritura pública outorgada con data trece de xuño de dous mil pola Xunta de Compensación, ante o notario do Ilustre Colexio da Coruña con residencia en Vigo, don Alejo Calatayud Sempere, ó número 1037 (mil trinta e sete) do seu protocolo (Expte 4241/401) e que foi inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras mediante resolución do subdirector xeral de Urbanismo de data do 11 de decembro de 2000, co número 29/00.

SEGUNDO: Remitir o presente acordo xunto coa copia debidamente dilixenciada da escritura pública de disolución e liquidación da referida Xunta de Compensación, outorgada ante o notario José María Rueda Pérez con data do 16 de marzo de 2011, baixo o núm. 438 do seu protocolo, ao Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da CMATI, a fin de que proceda á práctica da inscrición que proceda.

TERCEIRO: Notificar aos interesados o presente acordo, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes oudirectamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, a contar ambos prazos dende o día seguinte á notificación do presente acordo.”

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime mais oportuno.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión de data do 18.10.13, acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1164).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.